



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 18 DE XANEIRO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezaoito de xaneiro de dous mil dezaseis; as doce do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.- Non asiste Don Ricardo González Amaro.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado once de xaneiro de dous mil dezaseis (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.--**

Non houbo.-

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

**INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-**

Solicitud de información urbanística interesada por **Don Eulogio Mato Pajariño**, con domicilio a efectos de notificación na rua Transmesones nº 6, baixo, Ribadavia, número de expediente **RIB/N/02/16**. A proposta da Alcaldía, e visto o correspondente informe técnico de data 15.01.2016.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, para o inmovible sito na rúa Maquians nº 16 (Ref. Catastral 0931307NG7803S0001XX), a solicitude de **Don Eulogio Mato Pajariño**, de xeito que se entregará á solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

**4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

Da Deputación Provincial de Ourense, Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ribadavia para a promoción e cofinanciamento da Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia 2015 e 2016 (XXXI e XXXII Edicións).

**5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**



**SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aproba-las memorias denominadas “Grupo de Información Turística”, “Grupo de Auxilio na Piscina”, “Grupo de Limpeza Viaria” e “Grupo Oficina Municipal Información Xuvenil”, ó obxecto de solicita-la correspondente subvención o abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases que regulan para o ano 2016, as axudas e subvencións para o fomento de emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais”.

**BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DAS ACTUACIONES DE REHABILITACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA. Plan Estatal de Fomento de Aluguer de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria e a Rexeneración e Renovación Urbanas 2013-2016.-PROGRAMA DE REGENERACIÓN Y RENOVACIÓN URBANAS.-**

Tendo en conta o remate do prazo para a presentación de solicitudes de subvencións para actuacións de Rehabilitación na área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia e dado o número de solicitudes rexistradas no Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acordou:

1º) Ampliar o prazo de presentación de solicitudes de subvencións do Programa de rexeneración e renovación urbana do Plan estatal de fomento do alugueiro de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013 – 2016 para as Áreas de Rexeneración e Renovación Urbanas (Áreas de Rehabilitación Integral) do Casco Histórico de Ribadavia, ata o vindeiro 31 de xaneiro de 2016.

2º) Ordenar a publicación da referida ampliación no taboleiro de anuncios do Concello e en calquera outro medio de difusión co obxecto de darlle a maior publicidade posible.

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as doce e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



**Concello de Ribadavia**